



RESOLUCIÓN DO DIRECTOR XERAL DE XUSTIZA POLA QUE SE ESTABLECEN INSTRUCIÓNES ESPECÍFICAS RESPECTO A DESIGNACIÓN DO PERSOAL ENCARGADO DE REALIZAR OS SERVIZOS MÍNIMOS, CONTROL E SEGUIMENTO DA FOLGA CONVOCADA PARA OS DÍAS 4, 9, 10, 11, 16 e 18 DE MAIO ENTRE AS 00:00 HORAS E AS 23:59 HORAS NO ÁMBITO DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA EN GALICIA

De conformidade co previsto na Orde do 2 de maio de 2023 pola que se determinan os servizos mínimos dirixidos a garantir os servizos esenciais ante a convocatoria de folga nos centros de traballo da Administración de Xustiza de Galicia, ao abeiro da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, unha vez asumidas pola Xunta de Galicia as competencias en materia de persoal ao servizo da Administración de xustiza por virtude do Real decreto 2397/1996, do 22 de novembro, e a teor do Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, o órgano encargado de exercer as competencias con respecto ao referido persoal é a Dirección Xeral de Xustiza. Así, en virtude das atribucións conferidas,

RESOLVO

Establecer, con carácter vinculante, as seguintes instrucións específicas respecto da folga convocada entre as 00:00 h e as 23:59 h dos días 4, 9, 10, 11, 16 e 18 de maio.

1º Información para o persoal que secunde a folga:

Non existe deber de comunicar, en ningún momento, a opción de secundar a folga. Con todo, e aos únicos efectos de realizar un adecuado seguimento desta, infórmase que o control realizarase a través da plataforma KRONOS. Así, o persoal que non fiche a entrada nos días da convocatoria, entenderase que salvo que teña algunha xustificación rexistrada, secunda a folga.

Para o persoal que se atope algún deses días traballando baixo a modalidade de teletraballo, ou non dispoña de tarxeta identificativa, e non poida fichar a través da plataforma kronos, deberá comunicar esa incidencia ao seguinte correo electrónico con carácter previo aos días da convocatoria de folga:

xuridico.rll.xustiza@xunta.gal



2º Establecemento de servizos mínimos:

Para facer efectiva a designación do persoal funcionario que debe prestar os servizos mínimos sinalados na Orde do 2 de maio de 2023 pola que se determinan os servizos mínimos dirixidos a garantir os servizos esenciais ante a convocatoria de folga, seguiranse os seguintes criterios:

1. Con carácter xeral, cando haxa máis dunha persoa do correspondente corpo, así como no resto de supostos, para a designación das persoas encargadas de facer os servizos mínimos, seguirase un criterio de orde alfabética do primeiro apelido do persoal funcionario, comezando pola letra "Q"¹.
2. No caso de que os servizos mínimos correspondan tanto a unha persoa do corpo de xestión como do corpo de tramitación, atenderase ao criterio da letra establecido no punto 1 con independencia do corpo ao que pertencen, e polo tanto, sen que teña preferencia o corpo de xestión sobre o de tramitación.
3. Esa persoa designada terá como persoal substituto/a, a seguinte persoa á que lle correspondería segundo o establecido no punto anterior, e así sucesivamente, salvo o establecido no punto seguinte.
4. No caso dos auxilios compartidos entre órganos ou seccións, corresponderalle ao funcionario/a de auxilio de cada sección ou xulgado con numeración par en primeiro lugar, despois o impar, seguido do criterio da orde alfabética.

Desta forma trátase de garantir a rotación entre órganos para a prestación dos servizos mínimos, independentemente do número de órganos e para garantir o dereito á folga por igual. Así, como exemplo, con tres órganos do mesmo tipo, inicialmente prestarán os servizos mínimos o primeiro día o persoal funcionario do nº2 e do 3. O día seguinte, o persoal do 1 e do 3, e o terceiro día do 1 e do 2. Este sistema busca garantir a rotación por igual.

¹ Esta letra foi determinada de xeito aleatorio na negociación dos servizos mínimos co Comité de folga.



Así mesmo, en relación á organización do servizo:

- Os servizos mínimos serán establecidos con periodicidade diaria, dado que se trata dunha folga convocada para días concretos.
- A persoa nomeada substituta será a persoa designada encargada de facer os servizos mínimos no seguinte día e así sucesivamente.
- No caso de ausencias xustificadas do posto de traballo, a persoa designada será suplida pola seguinte persoa á que lle toque ser servizo mínimo. Nestes casos, esta suplencia non implicará cambios respecto do día no que lle corresponda exercer como servizo mínimo.
- Recórdase que tal e como establece a Orde do 2 de maio, os servizos mínimos serán prestados en todo caso de forma presencial.

O Director Xeral de Xustiza

José Tronchoni Albert

